

FESTACLOWN

a festa da risa



VILAGARCÍA

10 - 15 AGOSTO 2023

WWW.FESTACLOWN.ORG

ORGANIZA:



PATROCINA:



APARTADO SOCIAL:

*pallasos en
rebelión*

COLABORAN:



O FESTACLOWN VOLVE SACAR A CULTURA Á RÚA EN VILAGARCÍA

Esta octava edición celebrarase entre o 10 e o 15 de agosto.

O **FESTACLOWN** retorna, como cada ano, para desencaixarnos as mandíbulas da risa, desorbitarnos os ollos con acrobacias e despertar as nosas risas máis rebeldes. Xa van oito anos enchendo ás rúas de **VILAGARCÍA** de humor, e nesta ocasión volvemos os días 10 e 15 de agosto ás rúas e prazas da cidade.

Nesta edición acompañannos compañías nacionais e internacionais de alta calidade. O **FESTACLOWN** non é só un festival de circo, senón un espazo a través do que entendernos sen falar, do que descubrir novas culturas e formas de vida para facer da risa unha ferramenta para a empatía e a transformación social. Ademais, o **FESTACLOWN** demostra edición tras edición a súa labor como unión interxeneracional. Xente de todas as idades xúntase para divertirse cos espectáculos.

Dende o seu nacemento, **FESTACLOWN** aposta pola cultura de proximidade dando cabida ás pequenas compañías e servindo tamén de escaparate para as mellores estreas internacionais. O festival convértese así nun espazo artístico onde se vai tecendo unha rede entre artistas de todas as partes do mundo. Este ano poderemos gozar de grandes nomes como o clown italiano **LEO BASSI**, os brasileiros **CIRCO NO ATO** e outras compañías nacionais de gran calidade como o **MAGO TETO** ou **LA FINESTRA NOU CIRC**.

O **FESTACLOWN**, nacido da semente do FESTICLOWN, é un referente global do humor e do circo como ferramentas para construír un mundo mellor. Esta versión galega do festival solidario global no que se encadra mantén toda a forza social e unha destacada programación escénica. Nesta edición, contaremos coa compañía **DIVERSIDARTE, CON ELES** ou **CLÁMIDE**, que nos volverán a demostrar que a cultura pode facer e ser por e para todo o mundo, indistintamente das súas capacidades. O **FESTACLOWN** é a **FESTA DA RISA**, unha risa rebelde que funciona como arma de diversión masiva.

Este festival non sería nada sen o seu público. Dende a organización salientan que todas as persoas que acuden ao **FESTACLOWN** poden participar del, tanto a través da súa oferta formativa como do certame do voto do público, que premiará ao mellor espectáculo.



FESTACLOWN

a festa da risa

XOVES 10

animaclown
DIVERSIDARTE
+ CON ELES
iguatuke
11.00 H RÚAS DA CIDADE

animaclown
PÉ DE 2
homem banda
12.30 H RÚAS DA CIDADE

animaclown
PÉ DE 2
homem banda
19.30 H RÚAS DA CIDADE

VENRES 11

animaclown
TROULA ANIMACIÓN
vivaclown
12.30 H RÚAS DA CIDADE

animaclown
TROULA ANIMACIÓN
vivaclown
19.30 H RÚAS DA CIDADE

inauguración festaclown
LEO BASSI
70
21.00 H AUDITORIO MUNICIPAL

SÁBADO 12

animaclown
PÉ DE 2
homem banda
11.00 H RÚAS DA CIDADE

superroquiños
MÁXIMO
máximo optimo
12.30 H PRAZA DE RAVELLA

certame festaclown
SU.MA
glamping
19.30 H PRAZA DE GALICIA

mostra festaclown
KINE CIRCUS
greed
21.00 H PRAZA DA II REPÚBLICA

DOMINGO 13

apartado social
VERO RILO
destemidas
11.00 H PARQUE MIGUEL HERNÁNDEZ

superroquiños
TANXARINA
titircircus
12.30 H PRAZA DE RAVELLA

certame festaclown
MARTA SEMPRE ARRIBA
hoxe si!
19.30 H PRAZA DE GALICIA

mostra festaclown
EL GRAN
DIMITRI
legend
21.00 H PRAZA DA II REPÚBLICA

LUNS 14

apartado social
CON ELES
+ CLÁMIDE
o novo circo
da diversidade
11.00 H PRAZA DE GALICIA

superroquiños
N+1
circanelo
12.30 H PRAZA DE RAVELLA

certame festaclown
PISCORE
molto barroco
19.30 H PRAZA DE GALICIA

mostra festaclown
CIRCO NO ATO
se der corda
21.00 H PRAZA DA II REPÚBLICA

MARTES 15

apartado social
ANGELES GOAS
contos de
igualdade
(para non perder)
11.00 H PARQUE MIGUEL HERNÁNDEZ

superroquiños
XABI LARREA
up!
12.30 H PRAZA DE RAVELLA

certame festaclown
LA FINESTRA
NOU CIRC
royal circ
19.30 H PRAZA DE GALICIA

mostra festaclown
MAGO TETO
rock & magic
21.00 H PRAZA DA II REPÚBLICA



ARTISTAS FESTACLOWN 2023

Diversidarte - Iguatuke

O Iguatuke é unha batukada inclusiva promovida pola función Iguarte que enche as nosas rúas de enerxía, ritmos de percusión e diversión cunha mensaxe de igualdade e inclusión.

“A arte é un dereito que nos pertence a todos”, esta é a premisa a partir da que nace no 2002 a fundación Iguarte, para que as persoas con diversidade funcional poidan expresarse de maneira artística.

Pé de 2 - Homem Banda

Péde2 fundouse en 2008 por Mariana Ferreira e Mauro Bruza. Inspiradas pola arte do pallaso, levan dende ese momento creando xuntos acompañados do circo, a música, o teatro e as risas do público.

Ao lonxe soan acordeóns, pratos, bombos... pódese pensar que hai unha banda. E si que a hai, pero feita por un só home! Un artista inventor aliado do público trae este espectáculo cheo de sonoridade.

Troula - Vivaclown

Troula Animación e Festaclown únense para crear un espectáculo de animación circense para encher as rúas de Vilagarcía de cor e animación no comezo do festival. Troula é a mais destacada compañía galega de animación e crea un formato específico con zanqueiros, música e moita enerxía que percorrerá as prazas, terrazas e principais localizacións de Festaclown 2023.

Leo Bassi - 70

Leo Bassi leva o circo na sangue. O irreverente italiano é un bufón, un home comprometido que considera que o pallaso debe mirar directamente ao poder, mofarse del e denunciálo mediante a risa.

Este ano trae a Vilagarcía o seu último espectáculo, 70, no que a través da súa memoria, descóbrenos que hai que volver ao humanismo e aos instintos. Asímbrese da súa enerxía, asume a súa responsabilidade como chamán e bufón, axitador de emocións que reivindica a risa como unha das grandes forzas da existencia e raíz existencial do seu desexo de provocar. O humor como reflexión da sociedade e o acto teatral como un ritual.

N+1 Circanelo

N+1 é a compañía de danza, teatro e circo de Alfredo Pérez Muíño. N+1 é o seu proxecto persoal, no que mestura o seu traballo unipersoal con outras propostas colectivas.

Circanelo é teatro xestual, danza e acrobacia; é espontaneidade, sorpresa e diversión; entusiasmo, tenrura e inxenio. Un personaxe de múltiples recursos que combina diferentes disciplinas tuteladas por un marcado rexistro clownesco para crear unha historia absurda sobre un artista coa intención de presentar o seu espectáculo. O público acompañarao nesta viaxe por un mundo de emocións, xogo e improvisacións, atentos aos conflitos deste pallaso que non dubida en expoñerse, en mostrarse para chegar a grandes e nenos.

Su.Ma Glamping

Dúas grandes artistas galegas como Sue Moreno e María Move crean SU.MA para abordar os seu primeiro show baixo a dirección de Gonçalo Guerreiro.

Tres amigos, tres personalidades, tres caracteres moi distintos embárcanse na aventura de pasar unhas vacacións xuntos. Pero a convivencia non sempre é cousa fácil. Glamping é un espectáculo sobre as relacións humanas, onde calquera poderíamos ser ese personaxe en tensión, buscando a mellor maneira de resolver a situación. Teatro xestual, música, acrobacia aérea, danza e swing en clave de clown. Cando parece que todo está perdido... a creatividade xurde abrindo un camiño inesperado.

Kine Circus Greed

Kine Circus é unha compañía de circo etíope que nace co obxectivo de dar un espazo de ocio e desenvolvemento aos nenos e nenas en risco de exclusión de Addis Abeba.

Greed é un espectáculo cheo de acrobacias, fantasía, danza e vitalidade. Este show preguntase sobre esa tenue liña que separa a ambición lexítima e a codicia, o desexo de lograr o éxito e de conseguir riqueza e poder: as e os intérpretes investigan esta complexa realidade a través de imposibles equilibrios, saltos e malabares, e descúbrennos que o auténtico poder reside na comunidade.

Vero Rilo Destemidas

Vero Rilo é narradora oral. Antes era educadora infantil, pero quitouse diso. Dende 2013 leva contando contos, historias de vida, e outras lerias para todo tipo de público.

A música está moi presente nos seus traballos a dúo, aínda que por máis que o intente nunca aprenda a cantar nin a tocar a pandeireta. Tamén conta soa, é na variedade que atopa o gusto.

Desmentidas é un conto que nos achega a partes iguais humor e reivindicación. A reivindicación de perder eses medos que todas temos a través do coñecemento de mulleres destemidas e divertidas que mudaron e seguen a mudar o mundo cada día.

Máximo - Máximo Óptimo

Máximo Óptimo é o bufón máis famoso da rúa. Un mestre da arte da improvisación, un malabarista que che poñerá os pelos de punta. Non hai circo sen riisco e Máximo lévao ao extremo. Un humor provocador que fai rir á vez que conmove a nenos, nenas familias e maioes. Un artista que non deixa a ninguén indiferente facendo partícipe a o seu público do espectáculo. Máximo faise querer e déixase levar sen complexos; o neno medoso que todos levamos dentro encontrará no reto o valor para afrontarlo. Si non coñeces a Máximo Óptimo é que aínda non gozaches dun bo espectáculo de rúa.

Sempre Arriba - Hoxe si!

Sempre Arriba é a compañía de clown e circo de Marta Iglesias, artista multidisciplinar galega. No seu espectáculo Hoxe si! Temos un triángulo por espazo de xogo, obxectos que soben baixan e flotan no aire. Temos música, os temazos e temones da nosa vida, temos circo, un micro, temos ganas e moita actitude. Hoxe Si! É unha invitación a xogar, a disfrutar, a soltarnos e desinhibirnos por un día, a vivir celebrando o momento presente. Porque a vida é agora. Un espectáculo en linguaxe clown con acrobacia aérea, e sobretudo moito humor.

El gran dimitri - Legend

Dimitri, un xenio do escenario segundo el, aínda que de dubidosa reputación artística. Enfrentase ao seu terceiro traballo en solitario. Despois de case actuar en prestixiosos festivais, salas B dos mellores teatros e de case gañar algún premio, Dimitri ten unha epifanía: "Nacín para ser unha lenda do escenario". Así que monta un espectáculo onde se xogará a vida. Dimitri preséntase cun novo show onde se xogará unha e outra vez a vida para conseguir este obxectivo.

Con eles+clamide+amancer: o novo circo da diversidade

O novo circo da diversidade: O circo da diversidade é o noso Circo do Sol local. malabaristas, acróbatas, forzudos, pallasos... nun espectáculo protagonizado polas usuarias/os de Con Eles acompañados do bo facer das compoñentes de Clamide e Amencer.

Tanxarina: titircircus

Tanxarina é unha compañía de títeres galega con máis de 35 anos de traxectoria artística. Combinan a manipulación de monecos con traballo actoral, música e animación diversa. Titircircus é un recordo ensoñador e festivo do gran circo de carpa alta e bicolor: a historia de dous vellos traballadores de aquel circo que recordan agora con marionetas de fíos as glorias do seu pasado na pista. Nun permanente xogo participativo co público, van aparecendo os números máis importantes de aquel vello circo xa desaparecido: o home máis forte da Península Ibérica; o malabarista máis divertido do mundo...

Píscore - Molto Barroco

Píscore volve este ano coa súa gran estrea: Molto Barroco. Este espectáculo é antes que nada, unha reivindicación das composicións musicais barrocas desde o teatro. Píscore Teatro ofrece a posibilidade de desfrutar, desde o teatro e o humor, da música da época barroca. Con motivo do baile de petición de man da súa prometida, o Rei encarga ao Compositor da corte unha peza orixinal. Esta solicitude desencadea unha serie de escenas cómicas entre o Compositor e os seus tres músicos de cámara nas que teñen cabida todo tipo de gags, rutinas cómicas e musicais, bailes e ata xogos malabares.

Circo no Ato- Se Der Corda

Circo no Ato é unha das compañías máis recoñecidas de circo no Brasil. Cos seus espectáculos percorreron cidades con pouco acceso á cultura e barrios da capital máis afastados do centro. Se Der Corda é un espectáculo que fala da grandiosidade do que é sinxelo e inxénuo, da amizade como morza motriz da creación; todo flue na beleza, como a cativada que se encontra no parque e soñan saltando. O humor, presente en todo o espectáculo, trae o frescor da risa espontánea dentro dunha roda de amigos entre cordas, acordes e acrobacias.

Ángeles Goas: Risas entre iguais

Ángeles Goás achéganos unha escolma de contos de igualdade cunha marca de humor e diversión común ideais para o Festaclown. Contos sobre feminismo cunha liña reivindicativa, educativa, pero tamén moi divertida e axeitada para o festaclown.

Xabi Larrea - Up

Inicia a súa actividade no ano 2000 e dende entón crea espectáculos propios co humor, o circo, o teatro físico e a complicidade co público como ingredientes principais. Espectáculos visuais, imaxinativos e participativos para todos os públicos. Up é un espectáculo que toma o humor como base de partida, donde o absurdo, a comedia e a excentricidade toman un rol decisivo á hora de mostrar as diferentes habilidades dun personaxe apaixonado, irónico e cheo de enerxía.

La Finestra nou circ - Royal Cirk

La Finestra Nou Circ é unha compañía fundada no 2012 en Valencia, e nace co obxectivo de desenvolver proxectos sociais, formativos e culturais en torno ao circo.

Royal Cirk é un espectáculo que presenta a dous personaxes de circo antigo, cansados da súa vida errante, buscando un lugar onde instalarse definitivamente e poñer o seu pequeno circo ambulante. Durante a súa procura, levarán o seu peculiar espectáculo de malabares, humor, equilibrios, música e acrobacias a cada rincón descubriendo, grazas á enerxía do público, que cada sitio onde actúan é bo para quedarse.

Mago Teto: Rock&Magic

Rock&Magic é a gran estrea do Mago Teto este ano. O show, dunha tremenda e contrastada calidade, mestura as dúas principais pasións de Teto: o rock e a maxia. Era cuestión de tempo unilas e sumar ao seu repertorio un espectáculo cargado de ilusións, ritmo, humor e moita moita moita tralla.

FESTACLOWN, A FESTA DA RISA REBELDE

O Festaclown non é só un festival de circo, senón que nace da idea de que as risas poden transformar a sociedade.

A risa rebelde do Festaclown sostense en dous pilares fundamentais. Por unha banda, cremos firmemente que a cultura debe ser de todos e para todos. Por iso, ao longo do festival haberá espectáculos realizados por persoas con capacidades diversas, porque elas deben ter espazos onde amosar as súas creacións e plasmar as súas realidades a través da arte. Por outra banda, tamén levamos espectáculos a lugares que normalmente quedan fora dos círculos de programación culturais, como centros de día de persoas maiores.

Pero non só iso. O Festaclown achéganos, a través do circo, o teatro e a risa a outras realidades. Convertemos o ocio e a diversión nunha ferramenta para achegarnos a outras culturas e romper barreiras.



CONTACTO DE PRENSA

Sofía Caamaño Deus
comunicacion@culturactiva.org
697 812 362

